

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 10/07/2023  
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de non asistentes

**SECRETARIA**

MARIA DEL ROSARIO GONZALEZ PACIOS

**INTERVENTORA**

MARIA BERMUDEZ OUTON

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:40 horas do día 10/07/2023 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .  
Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 03-jul-2023, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2023/2348**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por REFORMAS TREBOL SL para reparación de humidades na Casa Doutor Carús, por un importe total de 3.448,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 231.212.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2023/2349**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por REFORMAS TREBOL SL para reparación de cuberta do patio exterior do CEIP Anexo A Lomba, por un importe total de 1.754,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2023/2394**

Dáse conta de escrito presentado por D. Marcos Manuel Conde Farto, Secretario Comarcal da Confederación Intersindical Galega e de D. Juan Fernández Bao Hernández, Secretario Xeral da Unión Comarcal de Arousa de CC.OO, comunicando o acordo de declaración de folga dos traballadores da Empresa URBASER os días 21 e 28 de xullo e 4 de agosto, de 13:00 a 13:30 horas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2023/2398**

Dáse conta do informe do Arquitecto Municipal, encargado da Oficina Técnica Municipal de Rehabilitación en relación coa tramitación do expediente de rehabilitación protexida na Área de Rexeneración e renovación urbana ARI Núcleo de Vilaxoán, a instancia de Dona M<sup>a</sup> Josefa Alegret Bouzón, no lugar de Rúa Vázquez Leis 8, Vilaxoán, que indica que:

1.- O Instituto Galego da Vivenda e Solo outorgou a cualificación provisional para a actuación tramitadas baixo o expediente arriba referido dentro do Programa de fomento de rexeneración e renovación urbana e rural, a M<sup>a</sup> JOSEFA ALEGRET BOUZÓN para Rehabilitación de Vivenda na rúa VÁZQUEZ LEIS, 8 de VILAXOÁN

Número de vivendas obxecto de Rehabilitación de Vivenda : 1

Número de locais comerciais obxecto de rehabilitación: 0

Prazo máximo de execución das actuacións e de comunicación do remate das obras: 6 meses

Orzamento protexido inicial: 15.795,00 €

2.- A persoa interesada achegou toda a documentación necesaria, tanto no que respecta ás actuacións no edificio ou vivenda como as referidas á persoa beneficiaria para completar o Expediente de Rehabilitación.

3.- As actuacións que o promotor realizou responden ás solicitadas e autorizadas mediante a resolución de cualificación provisional.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a Proposta de Cualificación Definitiva referidos ás actuacións, do edificio ou vivenda e máis da persoa beneficiaria, esixidos polo Plan Estatal 2018-2021.

### **PRP2023/2399**

Dáse conta do informe do Arquitecto Municipal, encargado da Oficina Técnica Municipal de Rehabilitación en relación coa tramitación do expediente de rehabilitación protexida na Área de Rexeneración e renovación urbana ARI Núcleo de Vilaxoán, a instancia de Dona M<sup>a</sup> Teresa Pujales Torrado, no lugar de Bouza de Abaixo 34, Vilaxoán, que indica que:

1.- O Instituto Galego da Vivenda e Solo outorgou a cualificación provisional para a actuación tramitadas baixo o expediente arriba referido dentro do Programa de fomento de rexeneración e renovación urbana e rural, a M<sup>a</sup> TERESA PUJALES TORRADO para Rehabilitación de Vivenda na rúa BOUZA DE ABAIXO, 34. VILAXOÁN

Número de vivendas obxecto de Rehabilitación de Vivenda : 1

Número de locais comerciais obxecto de rehabilitación: 0

Prazo máximo de execución das actuacións e de comunicación do remate das obras: 6 meses

Orzamento protexido inicial: 4.407,30 €

2.- A persoa interesada achegou toda a documentación necesaria, tanto no que respecta ás actuacións no edificio ou vivenda como as referidas á persoa beneficiaria para completar o Expediente de Rehabilitación.

3.- As actuacións que o promotor realizou responden ás solicitadas e autorizadas mediante a resolución de cualificación provisional.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a Proposta de Cualificación Definitiva referidos ás actuacións, do edificio ou vivenda e máis da persoa beneficiaria, esixidos polo Plan

Estatal 2018-2021.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **PRP2023/2395**

Dáse conta da lista provisional para a ocupación de prazas do Programa Conciliatardes para o curso 2023/2024. establecendo un período ata o 18 de xullo para realizar reclamacións e subsanación de documentación por parte das persoas solicitantes.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a súa conformidade á mesma.

## **EMPREGO**

### **PRP2023/2346**

Dáse conta do anteproxecto de informe de avaliación dos sistemas e procedementos das EELL de Galicia para a implementación dos FNGEU.

En data 23 de xuño de 2023, trasladouse por parte do Consello de Contas de Galicia ao Concello de Vilagarcía de Arousa, o anteproxecto de informe de avaliación dos sistemas e procedementos das EELL de Galicia para a implementación dos FNGEU.

No relativo ao Concello de Vilagarcía, o informe contén as referencias seguintes:

a) Comprobouse que todas as entidades da mostra teñen aprobada unha declaración institucional de compromiso contra a fraude, agás o Concello de Baiona. O órgano que as aprobou foi o Pleno en 9 casos, a Alcaldía ou Presidencia en 12 e nun caso foi a Xunta de Goberno Local.

En xeral, estas declaracións esténdense a toda a actividade das entidades, independentemente de que se trate da relacionada cos fondos do PRTR, salvo nos casos dos Concellos da Coruña, Ribeira e Vilagarcía de Arousa nos que se limita á xestión de fondos da Unión Europea e os Concellos de San Xoán de Río, Pontevedra, Oia e Deputación de Pontevedra.

Tamén adoitan estar incluídas como anexo no propio corpo dos PMA, sendo o máis habitual que as entidades lles dean difusión, tanto a nivel interno como externo, a través de diferentes medios como a intranet, correo electrónico ou o Portal de transparencia.

b) Comprobouse que, das 22 entidades da mostra, unicamente o Concello de Baiona no ten aprobado un PMA na data de elaboración deste informe. As outras 21 entidades locais aprobaron os seus plans, aínda que nalgúns casos non se cumpriu co prazo dos 90 días establecido.

c) En canto ás medidas de prevención e detección previstas nos PMA, Vilagarcía de Arousa acada unha valoración positiva en todos os parámetros, agás no apartado de Formación e Concienciación dos empregados públicos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2023/2347**

Dase conta da sinatura por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa do acto de adhesión ao Servizo para asistencia técnica e dinamización da participación de administracións públicas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

### EDUCACIÓN

#### PRP2023/2365

A XGL do pasado 03/04/2023 aprobou a proposta de gasto PRP2023/1172 presentada por Cristina Durán Recuna, con NIF 35476266P relativa a Cobertura fotográfica, audiovisual e de produción do Festival clasclás 2023.

Posteriormente, a XGL na sesión do 12/06/2023 modificou o acordo anterior, incrementando a cantidade en 100,00 € + 21 % IVA = 121,00 € PRP 2023/2185 para a ampliación dos servizos de técnico de son do Festival clasclás.

Recentemente a Sra. Durán contactou de novo coa Dirección do Conservatoria para comentar que, segundo o técnico de son que se encargará da produción do concerto de clausura do festival (Sr. D. Diego Basadre Barreiro) , o equipamento do que dispón o Auditorio Municipal non reúne os requisitos precisos para o desenvolvemento do mesmo, polo que procede modificar de novo a proposta de gasto aprobada co obxectivo de separar os gastos de vídeo e foto a cargo de Dña. Cristina Durán Recuna, e os gastos de técnico de son e aluguer de equipamento a cargo de D. Diego Basadre Barreiro, con DNI 78791916B.

A Sra. Durán Recuna, por tanto, facturará os gastos correspondentes a cobertura fotográfica e audiovisual do Festival, así como 9 vídeos resumo do Festival, minorando o importe inicial xa adxudicado e polo importe de 4.100,00 € + 21 % do IVE 861,00€ o que fai un total de 4.961,00 €.

O Sr. Basadre ten remitido orzamento para a realización dos seguintes gastos:

Gastos de operador de son para o concerto do 1 de xullo de 2023, polo importe de 363,00 €

Gastos de aluguer de material, polo importe total de 96,80 €

O total do gasto do Sr. Basadre ascende a 459,80 € .

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a modificación das propostas de gasto seguintes:

a) Minoración do gasto adxudicado á Sra. Durán Recuna, correspondente a cobertura fotográfica e audiovisual do Festival, así como 9 vídeos resumo do Festival, pasando de 5.263,50 ao importe de 4.961,00 € (4.100,00 € + 861,00€ do 21 % do IVE).

b) Convalidación de gasto de técnico de son e aluguer de material para o Concerto de Clausura da VI edición do Festival Internacional de Música clasclás 2023 a D. Diego Basadre Barreiro:

- Gastos de operador de son para o concerto do 1 de xullo de 2023, polo importe de 363,00 €

- Gastos de aluguer de material, polo importe total de 96,80 €

O total do gasto do Sr. Basadre ascende a 459,80 €, con cargo á partida 3261.22706.

### MERCADOS

#### PRP2023/2396

Dáse conta de escritos presentados por varios vendedores ambulantes afectados, solicitando autorización para estacionar os seus vehículos detrás do seu posto, no mercado semanal.

Dáse conta de informe do Servizo de Mercados. A Xunta de Goberno Local acorda conceder con carácter excepcional, durante o tempo que duren as obras de instalación dos tanques de tormenta, que se están levando a cabo actualmente, autorización para estacionar o vehículo detrás do seu posto do mercado, comprometendose os vendedores autorizados a gardar aliñación cos demais postos instalados nestas zonas, por ter espazo suficiente.

matrícula	zona
-----------	------

vehículo	
8293BRV	GARCÍA CAAMAÑO
2750BLM	GARCÍA CAAMAÑO
M6951TJ	GARCIA CAAMAÑO
4336CPM	GARCIA CAAMAÑO
PO2347BL	GARCIA CAAMAÑO
2742HGK	AVDA. DA MARIÑA
0138DXJ	AVDA. DA MARIÑA
2073LRF	AVDA. DA MARIÑA
9616CLJ	AVDA. DA MARIÑA
2732CCV	AVDA. DA MARIÑA
4252FTR	AVDA. DA MARIÑA
1775DFD	AVDA. DA MARIÑA
PO8503BC	AVDA. DA MARIÑA

### **PRP2023/2397**

Dáse conta do escrito presentado por D. José Esperón Souto, solicitando se lle autorice a exercer a venda con vehículo exposición no mercado, na situación actual, na zona García Caamaño, nas mesmas condicións que tiña, co vehículo matrícula 0140 BCL, dado que xa exercía actividade co seu vehículo para exposición e venda de artigos de louza e artesanía de barro, sendo reubicado como consecuencia das obras de instalación dos tanques de tormenta, que se están levando a cabo na actualidade.

Visto o informe do Servizo de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda manter a autorización xa concedida ao Sr. Esperón Souto para venda de mercadoría con vehículo exposición na ubicación actual.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2023/2367**

Dáse conta da resolución da directora xeral de Administración Local, por delegación do vicepresidente primeiro e conselleiro da Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia pola que se comunica a INADMISIÓN da solicitude de subvención do Fondo de Compensación Ambiental na liña NON COMPETITIVA convocada ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2022 para o proxecto "mellora e ampliación da rede de saneamento na Rúa Pica e Travesía Veiga do Mar" por non acreditar a plena dispoñibilidade dos terreos onde se pretendía realizar as actuacións ao non dispor da preceptiva autorización do organismo Portos de Galicia antes do remate do prazo da solicitude da subvención.

Dáse conta de que coa data de 15 de febreiro de 2023 (antes de que rematara o prazo de presentación de solicitudes de subvención) solicitouse a Portos de Galicia a autorización para a realización das obras incluídas no proxecto de "Mellora e ampliación da rede de saneamento na Rúa Pica e Travesía Veiga do Mar", tendo informe favorable do Xefe de Zona Sur de Portos de Galicia coa data de 28 de febreiro de 2023, se ben, como xa se indicou no escrito de alegacións de data 3 de maio de 2023, os representantes de Portos de Galicia deron a súa conformidade

verbal ao Encargado da rede de sumidoiros deste Concello para a realización das obras. Finalmente foi concedida a autorización polo organismo Portos de Galicia para a realización das obras incluídas no citado proxecto por resolución de data 6 de xuño de 2023 (antes de ditarse a resolución de inadmisión).

A Xunta de Goberno Local, en base ao exposto, acorda formular recurso de reposición contra a Resolución de inadmisión ditada pola Dirección Xeral de Administración Local. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes aos efectos de que se admita a solicitude de subvención.

#### **PRP2023/2372**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa BAYGAR SL para o alugamento de rozadora de cuchilla para roza de pradeiraas das praias A Concha e Compostela, por un importe total de 642,51 € (IVE incluído), con cargo á partida 1720.203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/2405**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Marina Cores Muñiz, en representación da Asociación de Veciños Defensa Praia Vilagarcía, dando queixa pola presenza de cans en praias con bandeira azul, cando de conformidade co artigo 10 da Ordenanza de uso, Seguridade e Conservación das Praias Municipais, nas praias de bandeira azul está prohibida a presenza de animais durante a tempada de baño ( do 1 de xuño ao 30 de setembro).

O citado artigo, figura redactado do seguinte xeito:

##### **ARTIGO 10º. PRESENZA DE ANIMAIS**

1.—O obxecto do presente título é o de previr e controlar as molestias e perigos que os animais lles poidan causar, tanto ás persoas como ás instalacións.

2.—Está prohibido o acceso aos areais e praias con animais, dende o 1 de xuño ao 30 de setembro no horario de baño establecido polo Concello (dende as 11 atas as 21 horas), agás nas zonas debidamente acotadas ou designadas polo Concello para o espaxamento dos animais. Nas de bandeiras azuis, estará prohibida a súa presenza durante a tempada de baño

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar á Sra. Cores Muñiz que as praias do Concello de Vilagarcía de Arousa que contan con Bandeira Azul son as praias Campanario e Compostela, nas que o Concello velará polo cumprimento da Ordenanza Municipal.

## **TURISMO**

#### **PRP2023/2404**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de xuño de 2023 de convalidación do gasto correspondente a servizos do tren turístico, figurando no mesmo: Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda convalidar o gasto correspondente a servizos do tren turístico con motivo da chegada de cruceiros ao Porto de Vilagarcía de Arousa, por un importe total de 550,00 €, con cargo á partida 432.22601, correspondentes a 2 servizos. (275,00 €/cada un):

...)

E debendo figurar:

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda convalidar o gasto correspondente a servizos do tren turístico con motivo da chegada de cruceiros ao Porto de Vilagarcía de Arousa, por un importe total de 550,00 €, con cargo á partida 432.22610, correspondentes a 2 servizos. (275,00 €/cada un):

...)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

#### **PRP2023/2377**

O Concello de Vilagarcía de Arousa, dentro das súas competencias ten a da Promoción Turística que, entre outros aspectos, lógrase a través da realización de eventos que difundan os atractivos de Vilagarcía, dun xeito especial os vinculados co mundo da gastronomía. En particular, a divulgación do valor da Ameixa de Carril. A actividade para o que se pretende subvencionar a Festa da Ameixa de Carril, os días 19 e 20 de agosto de 2023.

A subvención figura nominativamente no orzamento do ano 2022 e prorrogado para o 2023, polo que se considera adxudicada dende o mesmo momento da aprobación ou da prórroga do orzamento, por importe de 5.000 € e con cargo á partida 432.48002.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do convenio coa Cofradía de Pescadores "Santiago Apóstol" de Carril, con N.I.F. G-36012813, para a celebración da Festa da Ameixa de Carril 2023.

#### **PRP2023/2386**

Na Xunta de Goberno Local de 24 de abril de 2023 acordouse aprobar o contrato de Patrocinio con NORTMARINAS, Asociación de Marinas do Norte de España, NORTMARINAS, que organiza a travesía NAVEGA O CAMIÑO, que parte de La Rochelle, en Francia, o 6 de xuño, e remata en Santiago, logo de 15 etapas e varios días de descanso intercalados. A viaxe dos barcos remata en Vilagarcía.

Chegando o 28 de xuño, procedentes de A Pobra do Caramiñal. Ese mesmo día fixeron, nun só barco, o remonte ata Padrón e volverán a Vilagarcía, Ao día seguinte, volveron a Padrón para continuar o seu camiño, a pé, ata Santiago.

O número de persoas que se estimaba que participaran nesta travesía era en torno a 100.

Os compromisos asumidos polo Concello eran os seguintes:

- Unha achega de 2.000 € (exento de IVE), logo da presentación da factura correspondente e despois de realizado o evento.
- Mostra con gastronomía local para os participantes (unhas 100 persoas, pero un mes antes se concretará o número exacto).
- A entrega aos participantes dun dossier turístico de Vilagarcía (mapa, información e proposta de actividades)
- A difusión do evento na páxina web do concello e nos medios de comunicación.
- A presenza dun representante do concello na recepción dos navegantes e o selado dos credenciais.
- Organizar unha visita turística por Vilagarcía.

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda a convalidación do gasto correspondente ao catering aos participantes (70 persoas), por un importe total de 1.540,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.22601

Acórdase así mesmo o recoñecemento de obriga da seguinte factura, presentada pola Empresa que prestou o servizo de catering:

- Factura, a nº20, de data 30/06/2023, de GOAHEAD RESTAURACION 2020 SL, NIF:B94198934 , por importe de 1.540,00 € (IVE engadido), en concepto de servicio de catering a 70 persoas.

### **PRP2023/2388**

Vista a proposta do Servizo de Turismo en relación con diversas actuacións levadas ca cabo con motivo da presentación do programa "Goza do Ulla", a Xunta de Goberno Local acorda:

- A convalidación do gasto correspondente a aluguer dun stand, impresión de folletos e carteis, con cargo á partida orzamentaria 432.22602, coa seguinte desagregación:

Nº F.	Importe (ive engadido)	Provedor	Necesidade que a motiva
2023/664	53,08	Fundación Semana Verde de Galicia CIF F36152208	Aluguer dun Stand na feira Turexpo - Silleda
23/0037	147,62	Mª del mar Castelao Fraga 44823390R	Seseño e impresión cartel e folletos

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **MULLER E PERSOAS MAIORES**

#### **PRP2023/2338**

Dado o número de persoas maiores que asistiron á Romaría de Maiores, considerouse oportuno adquirir pulseiras para facilitar a seguridade e control dos participantes.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda a convalidación do gasto de subministro de 3.000 pulseiras pola Empresa SERGRAF, Servizos Gráficos de Pontevedra SL, por un importe total de 726,00 e (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria 2313.22610.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/2384**

Con data 20 de xuño de 2023 recibíuse no Concello notificación da Secretaría Xeral de Igualdade na que se comunica a modificación da resolución de concesión da subvención ao CIM para o ano 2022, expte SI427B2022/46-0.

Esta modificación se realiza por minoración do importe da axuda otorgada de 45.000? € da que se deu conta a XGL do 26 de xullo de 2022.

A minoración se produce ao terse xustificadas un número de horas inferior ás previstas na solicitude e que serviron de base ao cálculo da subvención.

En base a isto infórmase que:

A axuda definitiva queda en 44.643,06€ producíndose polo tanto unha minoración de 356,94€

Se aproba o recoñecemento de obriga e proposta de pagamento de liquidación final da axuda concedida para o 2022 por importe de 16.143,06€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2023/2390**

A Xunta de Goberno Local acorda a convalidación do gasto correspondente ao deseño do cartel para a difusión do curso "Auxiliar de Almacén" organizado polo CIM, e o recoñecemento de obriga, da seguinte factura:

- factura Nº1323 emitida por Cristina Durán Recuna co NIF 35476266P en concepto de deseño



dun cartel para a difusión do curso de Auxiliar de Almacén, por importe de 53,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22602.

### **PRP2023/2403**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de xuño de 2023, de aprobación de requisitos dos asistentes así como orzamento para a celebración da XXVII Edición da Romaría das Persoas Maiores, figurando no mesmo:

...)por un importe total de 14.633,10 €, que se desagrega do seguinte xeito:

- Victor Manuel Senín Alba: Servizo de catering para unha estimación de 550 persoas: 13.750,00 €
- Asociación Cultural Coro "Virxen da Renda", actuación: 250,00 €
- Asociación Coral Rosalía de Castro, actuación: 400,00 € €
- Baños Print, S.L.: Deseño e impresión de 550 entradas: 133,10 €.

...)

E debendo figurar:

...)por un importe total de 14.633,10 €, con cargo á partida 2313.22610, que se desagrega do seguinte xeito:

- Victor Manuel Senín Alba: Servizo de catering para unha estimación de 550 persoas: 13.750,00 €
- Asociación Cultural Coro "Virxen da Renda", actuación: 250,00 €
- Asociación Coral Rosalía de Castro, actuación: 400,00 € €
- Baños Print, S.L.: Deseño e impresión de 550 entradas: 133,10 €
- Gastos imprevistos a xustificar: 100,00 €.

...)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

## **CULTURA**

### **PRP2023/2336**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o convenio de colaboración coa Entidade Revenidas SC e a súa posterior sinatura para a concesión dunha subvención, por importe total de 40.000,00 € con cargo á partida 334.479, destinada a subvencionar a celebración do Festival de Revenidas 2023, que se vai a celebrar, do 7 ao 11 de setembro de 2023 en Vilaxoán.

### **PRP2023/2380**

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños Faxilde por un importe total de 1.798,74 € con cargo á partida 334.22703:

PROVEEDOR	ARTÍCULO	TOTAL
Distribuciones Froiz SA CIF-A36036739	Produtos alimentación segundo orzamento presentado	301,74
Daniel Barreiro Garrido NIF-35457427Y	Actuación Musical DANI BARREIRO & FRIENDS o día 22 de xullo de 2023	606,00 €
Juan José Canto Búa NIF-35465040Y	Produtos de limpeza segundo orzamento presentado	892,00 €
	TOTAL	1.798,74 €

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/2381**

Vista a solicitude de D. José Luis Villanueva Vicente, en representación da Cofradía de Pescadores Santiago Apóstolo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe do Carme en Carril, o vindeiro día 16 de xullo de 2023:

- Actuación da Asociación Cultural Os Xirifeiros, por un importe de 225,00 €.
- Actuación da Asociación Airiños do Carril, por un importe de 391,00 €

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2023/2382**

Vista a solicitude de Asociación A Xiada en Marcha, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración dunha romaría en Carril o día 29 de xullo:

- Actuación da Asociación Cultural Nós de Sobradelo (Grupo de Gaitas) por un importe de 391,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2023/2383**

Vista a solicitude de Dona Dolores Couso Rodríguez, en representación da Comisión de Festas Virxe do Carme e do Rosario, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe do Carmen en Vilaxoán, os vindeiros días 15, 16 e 17 de xullo:

- Actuación da Asociación Cultural Os Terribles de Arousa (Grupo de Gaitas), por un importe total de 841,00 €.

- Día 15-07: 391,00 €

- Día 16-07: 225,00 €

- Día 17-07: 225,00 €

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

### **PRP2023/2419**

Vista a Proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a edición e publicación do libro "A Farsa do Carril. Unha danza de espadas histórica", por un importe total de 6.028,00 € (IVE incluído) coa seguinte desagregación:

- Acto de presentación do libro por parte dos autores (Carlos Rey e Cristian Silva). O concepto do gasto será a actuación musical do contido do libro, por importe de 1.452,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22609, a favor de Músicos ao Vivo S.Coop. Galega.

- Edición e publicación do libro, a favor de Editorial Mic SL, por un importe total de 4.576,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.2260201, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **CONTRATACIÓN**

### **PRP2023/2334**

Dáse conta do acordo da Deputación Provincial de concesión de subvención ao Concello de Vilagarcía para Ampliación das instalacións e piscinas municipais de Fontecarmoa, por importe de 1.000.000,00€, ao abeiro da convocatoria do programa provincial de infraestrutras e dotacións singulares para a execución da axenda 2030-Prpgrama PON2030. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2023/2360**

Dáse conta da proposta para solicitar un duplicado da documentación do vehículo matrícula 1275LVW por perda da mesma:

Con data 23 de maio de 2023, don Eduardo Domínguez-Adame Bozzano, en representación de Urbaser, S.A.U., presenta UN INFORME DE VALORACIÓN DO ESTADO DOS VEHICULOS CEDIDOS POLO CONCELLO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA E RECOLLIDA DE RESIDUOS URBANOS, no que consta unha ficha individualizada do estado no que se encontran os mesmos.

En relación ao vehículo matrícula 1275 LVW, modelo ISUZU, P65 serie Bleu constatase a perda da documentación orixinal do vehículo, polo que é necesarios solicitar un duplicado da documentación extraviada. E para elo necesítase presentar unha denuncia ante a policía, ao obxecto de solicitar na ITV unha nova documentación (ficha técnica) e solicitar un permiso de circulación novo (que pode expedir unha xestoría).

Visto o anterior a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Denunciar ante a Policía Nacional a perda da documentación orixinal do vehículo matrícula 1275 LVW modelo ISUZU, P65 serie Bleu, co obxecto de solicitar un duplicado da documentación orixinal, unha nova ficha técnica do vehículo e un novo permiso de circulación, así como as etiquetas ambiental e da carrocería.

## **PRP2023/2418**

Dáse conta do expediente de contratación CT 31/2023 tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado, tramitación ordinaria e licitación electrónica para adxudicar o contrato para a prestación de Servizos Pirotécnicos para as Festas de San Roque 2023, cofinanciado pola Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de obras e Servizos (Plan Concellos 2023) denominado "Combate Naval", cun orzamento de licitación de 38.133,00 € (sen IVE) e de 46.140,93 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

NIF: B24273955 PIBIERZO Fecha de presentación: 08 de xuño 2023 ás 13:28:20

NIF: B70609490 PIROCALVO ASSEMBLY AND SHOT,S.L. Fecha de presentación: 07 de xuño de 2023 ás 22:22:26

NIF: B15209430 arturo@pirotecniapenide.com Fecha de presentación: 06 de xuño de 2023 ás 13:23:07

Tras a revisión da documentación achegada polos licitadores a mesa acorda o seguinte:  
Admitir aos seguintes licitadores:

O licitador presentado con NIF: B15209430 arturo@pirotecniapenide.com, correspóndese co licitador CIF: B15209430 PIROTECNIA PENIDE S.L.

Unha vez comprobado que a documentación presentada é correcta, a mesa acorda admitir ao licitador NIF: B15209430 arturo@pirotecniapenide.com (PIROTECNIA PENIDE S.L.)

Requirir aos seguintes licitadores a corrección dos defectos que se indican a continuación na documentación administrativa presentada: NIF:

B24273955 PIROTECNIA DEL BIERZO SL-PIBIERZO.

NIF: B70609490 PIROCALVO ASSEMBLY AND SHOT,S.L.

Transcorrido o prazo de tres días concedido pola mesa de contratación aos licitadores Pibierzo e Pirocalvo assembly and shot,s.l. para a corrección de deficiencias na documentación achegada, resulta que só achegou documentación o licitador Pibierzo, mentres que Pirocalvo assembly and shot,s.l. non presentou documentación algunha.

Unha vez examinada a documentación achegada por Pibierzo a mesa conclúe o seguinte:

Admitir a los siguientes licitadores:

B24273955 PIROTECNIA DEL BIERZO SL-PIBIERZO.

Quedan excluídos los siguientes licitadores:

NIF: B70609490 PIROCALVO ASSEMBLY AND SHOT,S.L.

Motivo: O licitador non subsanou os defectos indicados no requirimento de subsanación.

Unha vez remitidas as propostas técnicas ao encargado do servizo municipal de emerxencias, Sr. Guillán Busto, este valorou as mesmas de acordo aos criterios do PCAP da seguinte maneira:

NIF: B15209430 arturo@pirotecniapenide.com (Pirotecniapenide, S.L.)

- Oferta técnica Puntuación: 20 Motivo: Informe técnico de valoración no que se indica que unha vez avaliados os criterios de calidade técnica, artística, innovación, variedade, creatividade e orixinalidade, outórgalle a esa proposta técnica unha puntuación de 20 puntos de acordo con o establecido no prego de prescricións técnicas aprobado para o efecto.

B24273955 PIROTECNIA DEL BIERZO SL-PIBIERZO:

- Oferta técnica Puntuación: 20 Motivo: Informe técnico de valoración no que se indica que unha vez avaliados os criterios de calidade técnica, artística, innovación, variedade, creatividade e orixinalidade, outórgalle a esa proposta técnica unha puntuación de 20 puntos de acordo con o establecido no prego de prescricións técnicas aprobado para o efecto.

As ofertas dos criterios avaliáveis automaticamente das empresas que foron admitidas son as seguintes:

CIF: B15209430 arturo@pirotecniapenide.com (PIROTECNIA PENIDE S.L.)

Prezo ofertado: 36.989,01 € (sen IVE), 44.756,70 € (con IVE)

O prezo se desagrega da seguinte maneira:

a) Servizos de lanzamento de lume detonante:

Prezo sen IVE: 837,11 €

IVE (21%): 175,79 €

Total (IVE incl) 1.012,90 €

b) Servizos de lanzamentos de fogos de artificio do espectáculo pirotécnico “Combate naval”:

Prezo sen IVE: 36.151,90 €

IVE (21%): 7.591,90 €

Total (IVE incl): 43.743,80 €

O prezo ofertado inclúe unhas melloras consistentes en:

- Duplicarase o número de disparos mínimo de todos e cada un dos tipos de lume detonante con respecto ao mínimo esixido no PPT.

- Incrementáanse as dimensións mínimas do castelo en 6 m. máis de longo e 1 m. máis de alto

B24273955 PIROTECNIA DEL BIERZO SL-PIBIERZO:

Prezo ofertado: 37.133,00 € (sen IVE), 44.930,93 € (con IVE)

O prezo se desagrega da seguinte maneira:

a) Servizos de lanzamento de lume detonante:

Prezo sen IVE: 763,00 €

IVE (21%): 160,23 €

Total (IVE incl): 923,23 €

b) Servizos de lanzamentos de fogos de artificio do espectáculo pirotécnico “Combate naval”:

Prezo sen IVE: 36.370,00 €

IVE (21%): 7.637,70 €

Total (IVE incl): 44.007,70 €

O prezo ofertado inclúe unha mellora consistente en:

- Duplicarase o número de disparos mínimo de todos e cada un dos tipos de lume detonante con respecto ao mínimo esixido no PPT.

A mesa de contratación valorou as proposicións que conteñen os criterios de valoración e adxudicación avaliábeis automaticamente de acordo aos criterios do PCAP da seguinte maneira:

NIF: B15209430 PIROTECNIA PENIDE S.L.:

- Oferta económica: 20 puntos

- Mellora lume detonante: 20 puntos

- Mellora das dimensións mínimas do castelo fixadas no PPT: 0.81 puntos

B24273955 PIROTECNIA DEL BIERZO SL-PIBIERZO.

- Oferta económica: 17,48 puntos

- Mellora lume detonante: 20 puntos

- Mellora das dimensións mínimas do castelo fixadas no PPT: 0 puntos

De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores:

Orde: 1NIF: B15209430 arturo@pirotecniapenide.com (PIROTECNIA PENIDE, S.L.) Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV: 20

Total criterios CAF: 40.81

Total puntuación: 60.81

Orde: 2NIF: B24273955 PIBIERZO

Total criterios CJV: 20

Total criterios CAF: 37.48

Total puntuación: 57.48

Orde: 3NIF: B70609490 PIROCLVO ASSEMBLY AND SHOT,S.L. (excluído da licitación)

Total criterios CJV:

Total criterios CAF:

Total puntuación: 0

Á vista do que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato denominado "PRESTACIÓN DE SERVICIOS PIROTÉCNICOS PARA As FESTAS DE SAN ROQUE 2023, COFINANCIANDO A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO Ao PLAN DE OBRAS E SERVICIOS (PLAN CONCELLOS) 2023 O DENOMINADO "COMBATE NAVAL", cun orzamento de licitación de 38.133,00€ (sen IVE), 46.140,93 € (con IVE), á empresa con maior puntuación de acordo con a orde en que quedaron clasificadas as ofertas: NIF: B15209430 arturo@pirotecniapenide.com PIROTECNIA PENIDE S.L. , por ser a oferta mellor valorada e, polo tanto, con mellor calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación:

Prezo ofertado: 36.989,01 € (sen IVE), 44.756,70 € (con IVE), con cargo á partida 338.22699.

O prezo se desagrega da seguinte maneira:

a) Servizos de lanzamento de lume detonante:

Prezo sen IVE: 837,11 €

IVE (21%): 175,79 €

Total (IVE incl) 1.012,90 €

b) Servizos de lanzamentos de fogos de artificio do espectáculo pirotécnico "Combate naval":

Prezo sen IVE: 36.151,90 €

IVE (21%): 7.591,90 €

Total (IVE incl): 43.743,80 €

O prezo ofertado inclúe unhas melloras consistentes en:

- Duplicarase o número de disparos mínimo de todos e cada un dos tipos de lume detonante con respecto ao mínimo esixido no PPT.
- Incrementáanse as dimensións mínimas do castelo en 6 m. máis de longo e 1 m. máis de alto.

## **FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS**

### **PRP2023/2379**

Visto o expediente integrado pola certificación de obra N° FINAL (2023/4075), derivada da execución do contrato de obras "DESVIO DE CANALIZACIÓNS NO ENTORNO DA RÚA MIRAMAR", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2023/3002), por importe de 20.233,21€.

Visto que o expediente consta coa conformidade técnica.

Visto o informe do Director de Obra da última certificación, xustificativo das partidas obxecto de variacións.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar as referidas variacións e polo tanto o aumento do importe adxudicado por un total de 14.392,87€
2. Recoñecemento de obriga para certificación de obra N° FINAL (2023/4075), derivada da execución do contrato de obras "DESVIO DE CANALIZACIÓNS NO ENTORNO DA RÚA

MIRAMAR", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2023/3002), por importe de 20.233,21€, co seguinte desglose:

REG.	N° de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
2023/4075	FINAL	16/05/2023	20.233,21€	INSTALACIONES ELECTRICAS DE SANXENXO, S.L.U.	CERT. FINAL DESVIO CANALIZACIÓNS NO ENTORNO DA RUA MIRAMAR. PROX: OBRA (4) 01/02/2017	161	61900

### PRP2023/2389

Visto o expediente de gasto INT/2023/317 integrado polo xustificante de gasto con número de rexistro F/2023/4009 emitido por Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa por importe de 2.329,96€.

Visto o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

